



ESPECIAL NÚMERO 4, MAIO/NOVEMBRO 2014

<http://cenporcenmaleducadas.blogspot.com.es/>

## UN TEXTO DE LUÍSA

1

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, custo e de bon corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nen o millo, nen o peixe, nen o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quiser, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente antergo.

(...)

Pero a felicidade, como se sabe, é o ben máis cobizado e non faltaban, portanto, inimigos que, do outro lado da fronteira, ameazasen constantemente a paz daquel reino. Os tempos de guerra dicimaban o cada vez máis enfraquecido exército, que tiña de estar sempre alerta mesmo durante as curtas treguas e tratados temporais cos reis viciños.

Luísa Villalta. *As chaves do tempo. A nosa terra, 2001*

## UN LIBRO PARA LUÍSA

BEGOÑA CAAMAÑO. Morgana en Esmelle



A trama desta obra entronca coa Materia de Bretaña e co mundo fabuloso descrito por Álvaro Cunqueiro na terra de Miranda. Con todo, esta é unha novela que pretende botar sobre o asunto unha mirada feminina, resaltando o papel de Viviana e Morgana fronte ás pretensións de Merlín. Máis que nunca recomendable tras a fatidica nova do falecemento da súa autora (27/10/2014), coa cal todas as maleducadas perdemos...

## lembramos a luísa

**Luísa Villata, compromiso coa nosa lingua** / Hai xa dez anos que, entre versos e música de violín, despediamos a Luísa Villalta no cemiterio coruñés de San Amaro. Alí, preto de grandes nomes da nosa historia como Eduardo Pondal, Manuel Murguía ou Curros Enríquez, descansa para sempre Luísa Villalta.

A prolífica autora de poesía, narrativa, ensaio, teatro e textos xornalísticos foi, ademais, profesora de Lingua e Literatura Galegas no Instituto Isaac Díaz Pardo de Sada e unha incansable activista cultural. Podiamos escoitar a voz de Luísa Villalta en numerosas conferencias, debates ou recitais; así como ler a súa escrita nun feixe de publicacións periódicas (A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, A Trabe de Ouro, Página aberta, ...). Nestas colaboracións percibíase a personalidade de Luísa Villalta e o firme compromiso coa nosa **lingua**. Nun artigo publicado en A Nosa Terra o 17 de xullo de 2003, poucos meses antes de falecer, criticaba a teima dalgúns contra a lingua galega.

Para ela, a perda de uso do galego era un problema odioso e criticaba con carraxe aos representantes públicos que empregaban unicamente a lingua dominante do Estado, o castelán, ignorando a lingua propia, o galego, que debían protexer e fomentar.

A morte desta necesaria muller chegou inxustamente o 6 de marzo de 2004 cando tiña só 46 anos, perdendo así a unha persoa comprometida na defensa da nosa maltratada lingua.

Agardo e desexo que, pasados xa dez anos do seu pasamento, non teñamos que agardar moito tempo máis para ver que a figura homenaxeada o 17 de maio sexa unha muller. Que a Real Academia Galega teña moi presente que, das 52 figuras ás que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, só tres eran mulleres. Urxe lembrar ás mulleres da nosa literatura que, coma Luísa Villalta, téñeno máis ca merecido.

Soqui Cea Vázquez, mestra



Lingua

## O DICCIONARIO

substantivo feminino

[primeira acepción] Órgano muscular móbil dos vertebrados, situado na cavidade bucal, que participa no proceso de mastigación e deglutición, é sede de parte do sentido do gusto e, no home, axuda a articular os sons

[terceira acepción] Lingüística. Código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras

*"e daquela tamén coa lingua axeonllada na boca"*

Emma Couceiro

[Definición tomada do dicionario *online* da Real Academia Galega]

